



O **CURTAS FEST - Festival Internacional de Cine e Banda Deseñada de Vilagarcía de Arousa**, ten como obxectivo a difusión e promoción da cultura cinematográfica e popular, así coma o estímulo da vocación e o interese polo estudio e o goce do cine, a literatura, a banda deseñada, etc... e o acercamento a estos de forma crítica e educativa.

O CURTAS FEST - Festival Internacional de Cine e Banda Deseñada de Vilagarcía de Arousa celebrará a súa **47 edición do 25 de outubro ao 3 de novembro de 2019**.

1. CATEGORÍAS

Para a 47 edición do CURTAS FEST - Festival Internacional de Cine e Banda Deseñada de Vilagarcía de Arousa, estableceuse 5 categorías a concurso:

LONGAMETRAXES SECCIÓN OFICIAL

Longametraxes de ficción ou animación de calquera nacionalidade realizados con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2018 que non foran estreados comercialmente de forma regular en salas públicas, DVD, vídeo, televisión ou plataformas VOD (video baixo demanda). Valorarase que non foran exhibidos con anterioridade en ningún evento audiovisual en Galicia.

CORTOMETRAXES SECCIÓN OFICIAL

Cortometraxes de ficción e animación de calquera nacionalidade, inéditos en Galicia, realizados con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2018 que non foran estreados comercialmente de forma regular en salas públicas, DVD, vídeo, televisión ou plataformas VOD (video baixo demanda). A súa duración non superará os 20 minutos, créditos incluídos.

DOCUMENTAIS SECCIÓN OFICIAL

Documentais de calquera nacionalidade, inéditos en Galicia, realizados con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2018 que non foran estreados comercialmente de forma regular en salas públicas, DVD, vídeo, televisión ou plataformas VOD (video baixo demanda).

VIDEOARTE E EXPERIMENTAL SECCIÓN OFICIAL

Pezas de videoarte e experimental de calquera nacionalidade, inéditos en Galicia, realizados con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2018 que non foran



estreados comercialmente de forma regular en salas públicas, DVD, vídeo, televisión ou plataformas VOD (video baixo demanda).

‘FEITO EN GALICIA’ SECCIÓN OFICIAL

Sección transversal que aglutina os Largometraxes e Cortometraxes de ficción e animación galegos realizados con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2018 que non foran estreados comercialmente de forma regular en salas públicas, DVD, vídeo, televisión o plataformas VOD (video baixo demanda). Valorarásese que no foran exhibidos anteriormente en ningún evento audiovisual en Galicia.

A efectos de participación nesta sección, por obras galegas entendese que as pezas deben ser producidas por produtoras de Galicia ou de fora de Galicia pero o seu director/a debe ser galego. No caso dos cortometraxes a súa duración non superará os 20 minutos, créditos incluídos.

2. PROCESOS DE SELECCIÓN E PREMIOS

INSCRIPCIÓN E DOCUMENTACIÓN

Para participar na 47 edición del CURTAS FEST - Festival Internacional de Cine e Banda Deseñada de Vilagarcía de Arousa é necesario rexistrarse e cumprimentar o formulario de inscrición que se atopará nas plataformas habilitadas para elo antes do 15 de xullo de 2019.

As obras inscritas deberán ser remitidas mediante a súa subida a calquera das plataformas designadas.

Todas as obras nas diferentes seccións do Festival deberán ser presentadas en versión orixinal, e aquelas na que a súa lingua orixinal non sexa o castelán ou o gallego deberán incluír subtítulos nun destes dous idiomas.

XURADOS

A Dirección do Festival designará aos xurados das diferentes seccións a competición, e as súas decisións serán inapelables e non deberán ser xustificadas.



Non poderán formar parte dos xurados das distintas seccións a competición persoas con intereses na produción, distribución ou calquera outro tipo de explotación ou participación nas obras seleccionadas a concurso.

Os premios de todas as categorías non poderán declararse desertos.

PREMIOS

Longametraxes

- Premio do xurado Á MELLOR LONGAMETRAXE
- Premio do PÚBLICO á MELLOR LONGAMETRAXE*

Curtametraxes

- Premio do xurado ao MELLOR CURTAMETRAXE
- Premio do xurado ao MELLOR CURTAMETRAXE DE ANIMACIÓN
- Premio do xurado ao MELLOR CURTAMETRAXE 'FEITO EN GALICIA'
- Premio do xurado ao MELLOR DIRECTOR
- Premio do xurado ao MELLOR DIRECTOR 'FEITO EN GALICIA'

Documentais

- Premio ao MELLOR DOCUMENTAL
- Premio DOCUMENTAGALICIA ao MELLOR DOCUMENTAL 'FEITO EN GALICIA'

Vídeo-Arte e Experimental

- Premio ROBERTO CAMBA á MELLOR OBRA

* PREMIO DO PÚBLICO: O Premio do Público, en todas as categorías nas que se otorgue, concederáse á película que obtenga unha maior puntuación promediada en función dos votos emitidos.

3. REQUISITOS OBRAS SELECCIONADAS

Unha vez feita a selección dunha obra polo Festival para calquera das Seccións, non poderá ser retirada. Ademais as obras non poderán competir, ser exhibidas,



nin presentarse noutros festivales galegos nin eventos similares realizados en Galicia antes da súa proxección no CURTAS FEST.

A inscrición dunha película a competición na 47 edición do CURTAS FEST - Festival Internacional de Cine e Banda Deseñada de Vilagarcía de Arousa supón a plena aceptación e cumprimento das presentes Bases de Participación e dos seus posibles anexos.

PROGRAMACIÓN E DEREITOS DE EXHIBICIÓN

Durante a celebración do certame, as obras seleccionadas exhibiránse nun só pase salvo que a obra sexa galardoada coma Mellor Película ou Mellor Película 'Feito en Galicia' no caso de longametraxes ou Mellor Curtametraxe, Mellor Curtametraxe 'Feito en Galicia' ou Mellor Curtametraxe de Animación, ao igual que as obras gañadoras nas seccións de Documentais, Video-Arte e Experimental, que nese caso poderán ser proxectadas de novo tras a entrega de premios do Festival.

As obras finalistas na categoría de Curtametraxe e Curtametraxe 'Feito en Galicia' poderán ser exhibidas íntegramente, tras a celebración do Festival, nos diferentes actos de difusión e promoción que leve a cabo o CURTAS FEST - Festival Internacional de Cine e Banda Deseñada de Vilagarcía de Arousa, independentemente da súa localización, previa comunicación ao representante da obra.

CATÁLOGO E DOCUMENTACIÓN

A documentación solicitada polo Festival para o catálogo oficial, guía de programación e páxina web (sinopse, biofilmografía, ficha artística e técnica, fotografías do director e da película) serán tomadas do formulario de inscrición online que debe cumprimentarse antes do 1 de agosto de 2019 en todas as categorías.

No caso de necesitar material adicional o Festival o requerirá para que sexa entregado antes do 5 de setembro de 2019.

4. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Estas bases de participación poderán ser completadas ou modificadas, con anterioridade á data de inicio da 47 edición do CURTAS FEST - Festival Internacional de Cine e Banda Deseñada de Vilagarcía de Arousa, previa comunicación ás partes interesadas, con cantos outros anexos estime oportunos a Organización.



A interpretación das mesmas será competencia exclusiva da Dirección do Festival.

CURTAS FEST

47 Festival Int. de Cine de Vilagarcía de Arousa

Departamento de INSCRIPCIONES

Tel.: +34 653 378 415

inscripciones@curtas.org

<http://festival.curtas.org>